

O Parlamento recibe ao alumnado gañador do concurso *Os Chefs saudables*, convocado por Sanidade para promover hábitos sanos

- Santalices subliña que “comer sano é o mellor para a saúde” e reitera o compromiso do Parlamento cos hábitos de vida saudables

Santiago, 16 de xuño de 2017.- O alumnado gañador do concurso *Os chefs saudables*, pertencente ao CEIP Eulogio Gómez Franqueira, de San Amaro (Ourense), visitou esta mañá o Parlamento de Galicia no marco das diferentes actividades nas que hoxe participan en Santiago como premio ao seu traballo. Os gañadores deste certame foron felicitados polo presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira, e polo conselleiro de Sanidade da Xunta, Jesús Vázquez Almuíña.

O Concurso *Os chefs saudables* forma parte do obradoiro “Traballando por unha mocidade saudable”, organizado pola Xefatura Territorial de Sanidade en Ourense para incentivar a alimentación sana e o exercicio físico entre o estudiantado de educación infantil e primaria.

Durante o acto organizado na sede do Lexislativo galego visionouse o vídeo gañador do concurso, no que o alumnado do CEIP Eulogio Gómez Franqueira explica o proceso de elaboración da receita que obtivo o primeiro premio, consistente en salmón en papillote gornecido con patacas e corazóns de leituga primaverais. Tamén se visionaron os tres vídeos finalistas, presentados polo CEIP Virxe Pena da Sela, CEIP Sarreaus e CEIP Mariñamansa.

Exemplo para os adultos

O presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira, felicitou á Consellería de Sanidade por esta iniciativa de promoción dos hábitos de vida saudables entre os máis novos. Recordou que “comer sano é o mellor para a saúde” e considerou que os participantes neste concurso constitúen un “exemplo” para os adultos. Agregou Santalices que como presidente do Parlamento está empeñado en promover os hábitos de vida saudable. Pidiu ao profesorado que lle fagan chegar a receita gañadora para trasladala ao persoal da institución.

O presidente do Parlamento tivo tamén palabras de recoñecemento para o profesorado, colectivo que, na súa opinión, exerce un “traballo complicado que non sempre é recoñecido pola sociedade” como realmente merece.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.